

A OV430 despide a Tempada 2022 na Colexiata con Lucie Horsch e Sophie de Bardonnèche

- **O venres 27 de maio presentará o Programa V na Concatedral Basílica de Santa María de Vigo ás 20:00 h**
- **A Orquestra Barroca Vigo 430 contará coa soada flautista holandesa Lucie Horsch e coa violinista francesa Sophie de Bardonnèche como directora- concertino**
- **As entradas serán gratuítas, aínda que é preciso reservalas no correo electrónico reservas@vigo430.com**

A **Orquestra Vigo 430** presenta o **vindeiro venres 27 de maio** o seu quinto e último concerto da Tempada 2022, posible grazas á Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

A formación presentará o seu **Programa V**, un concerto que por fin pode recuperarse, pois tivo que ser aprazado meses atrás como consecuencia da situación sanitaria. Afortunadamente, poderá gozarse este venres nun enclave realmente especial, a **Concatedral Basílica de Santa María de Vigo**, popularmente coñecida como A Colexiata; será **a partir das 20 horas**.

Para a cita, a **orquestra barroca da OV430** contará coa soada flautista holandesa **Lucie Horsch**, que con só 23 anos é unha das máis virtuosas intérpretes da frauta de pico na actualidade. Ademais, contará coa violinista francesa **Sophie de Bardonnèche** como directora-concertino. Sophie de Bardonnèche é actualmente membro de grupos de peso no campo da música barroca, como Le Consort ou Les Arts Florissants.

Con elas, a orquestra barroca da OV430 desenvolverá un **hermosísimo programa** con obras de Vivaldi, Telemann, Sammartini e Bach, con absoluto protagonismo da frauta de pico como solista.

As **entradas** para o concerto serán, unha vez máis, **gratuítas**, aínda que será **preciso reservalas con antelación** escribindo ao correo **reservas@vigo430.com**. Ademais, grazas á colaboración establecida con Tolemias, o concerto tamén poderá gozarse en streaming a través da web da citada plataforma.

Programa:

J. S. Bach (1685 – 1750)

- **Concerto en la menor, BWV 1041**

A. Vivaldi (1678 – 1741)

- **L’Estro Armonico, Op. 3: Concerto nº 8 RV 522**

A. Vivaldi (1678 – 1741)

- **Concerto para frauta en do maior, RV 444**

G. P. TELEMANN (1681 – 1767)

- **Suite en la menor para frauta, corda e continuo TWV 50:A3**

G. SAMMARTINI (1695 – 1750)

- **Concerto para frauta en fa maior**

Lucie Horsch

Lucie Horsch (1999) aos seus 22 anos é unha apaixonada defensora do seu instrumento. Nena prodixio da frauta de pico e convertida nunha virtuosa do Barroco, Horsch é unha artista innovadora que aborda múltiples xéneros musicais e desenvolve novos repertorios cun talento extraordinario.

En 2020 recibiu o prestixioso Premio Holandés da Música, concedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Ciencia dos Países Baixos. Esta tempada 2021-2022, foi nomeada ECHO Rising Star e, como tal, realizará unha xira polas salas máis prestixiosas de Europa.

Entre as súas actuacións recentes destacan os debuts coa Real Orquestra do Concertgebouw baixo a dirección de Ton Koopman, a Orquestra Tonhalle con Jan Willem de Vriend ou a Orquestra Filharmónica de Hong Kong con Benjamin Bayl. Cabe remarcar tamén as xiras por Europa coa Academy of Ancient Music e Richard Egarr, a Orquestra Sinfonietta de Ámsterdan e por Xapón coa Orquestra B'Rock. Outras orquestras coas que traballou son a Orquestra de Cámara dos Ánxeles, a Orquestra de Cámara de Manitoba, o Ensemble LUDWIG, a Residentie Orkest, a Filharmónica de Arnhem, a Staatsorchester Kassel, a Orquestra de Cámara de Laponia, a Orquestra de Cámara de Uppsala, Combattimento, Apotheosis ou Anima Musicae.

En recital, forma un dúo co laudista francés Thomas Dunford, parella que foi invitada a actuar en lugares como o Wigmore Hall, a Philharmonie Essen ou o Concert Hall de Tokyo, entre outros.

Lucie é unha artista exclusiva de Decca Classics. O seu CD de debut, con concertos e outras obras de Vivaldi, recibiu o premio Edison Klassiek 2017. O seu segundo álbum Barroco Journey logrou o número un nas listas de música clásica do Reino Unido e foi galardoado co prestixioso premio OPUS KLASSIK en Alemaña en 2019.

Sophie de Bardonnèche

Sophie de Bardonnèche é unha apaixonada violinista barroca. A súa esixencia, a súa sensibilidade e o seu entusiasmo lévana a dar concertos como solista, músico de cámara, así como coas máis grandes agrupacións barrocas.

Despois dun máster na Schola Cantorum na clase de Amandine Beyer, Sophie creou o conxunto Le Consort con Justin Taylor e Théotime Langlois de Swarte. Explorando o repertorio da sonata para trío barroco, o conxunto gañou o Primeiro Premio en 2017, así como o Premio do Público no Concurso Internacional de Música Antiga do Val do Loira. As gravacións do grupo foron aclamadas unanimemente pola prensa francesa e internacional (Diapason d'or de l'année, Gramophone, FFFF de Telerama, Choc Classica). Tamén traballan regularmente con cantantes como Eva Zaïcik (Venez Chère Ombre e Royal Händel Records), Paul-Antoine Benos-Djian e Adèle Charvet. O Consort reside na Banque de France, a Fundación Royaumont e a Fundación Singer-Polignac.

Dende 2017, Sophie de Bardonnèche toca tamén co prestixioso conxunto Les Arts Florissants xunto a William Christie, participa como músico de cámara en xiras por todo o mundo en lugares como o Walt Disney Hall dos Ánxeles, o Barbican Center de Londres, a Ópera de Tokyo... Sophie tamén é invitada regularmente a dar concertos e gravar con moitos conxuntos de renome como Le Poème Harmonique, Jupiter e Le Concert Spirituel.

Paralelamente á súa tempada de concertos (Théâtre des Champs Élysées, xira Royal Händel en Verona (Italia), Estrasburgo, París, xira con Les Arts Florissants, etc.), Sophie de Bardonnèche publicará con Le Consort unha nova gravación, Specchio Veneziano, dedicado ás sonatas nun trío de Vivaldi e Reali (Diapason d'or, novembro de 2021).

Sophie toca un violín Antonius & Hieronymus Amati de 1596, cortesía da Jumpstart Junior Foundation, Sparey Collection.